

PLAN DE ADAPTACIÓN
A SITUACIÓN COVID 19
CURSO 2021-2022

CEIP ADR CASTELAO

(versión 23/05/2022)

ORDES – A CORUÑA

DATOS DO CENTRO

Código	Denominación	
15011336	CEIP ADR CASTELAO	
Enderezo		C.P.
RÚA PARAÍSO S/N		15680
Localidade	Concello	Provincia
ORDES	ORDES	A CORUÑA
Teléfono	Correo electrónico	
881 880 881	ceip.castelao.ordes@edu.xunta.gal	
Páxina web		
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastelaoordes/		

ÍNDICE

Obxecto

- 1.- Medidas de prevención básicas
- 2.- Medidas xerais de protección individual.
- 3.- Medidas de limpeza.
- 4.- Material de protección
- 5.- Xestión dos abrochos.
- 6.- Xestión das petición de supostos de vulnerabilidade.
- 7.- Medidas de carácter organizativo.
- 8.- Medidas en relación coas familias e ANPAS
- 9.- Medidas para o alumnado transportado
- 10.- Medidas de uso de comedor
- 11.- Medidas específicas para o uso doutros espazos.
- 12.- Medidas específicas para os recreos.
- 13.- Medidas específicas para alumnado de Educación Infantil e dos dous primeiros cursos de Educación Primaria.
- 14.- Medidas específicas para uso de laboratorio e talleres.
- 15.- Medidas específicas para alumnado de NEE.
- 16.- Previsións específicas para o profesorado.
- 17.- Medidas de carácter formativo e pedagógico.
- 18.- Anexos

OBXECTO

O noso centro educativo quere dar resposta ás necesidades pedagóxicas e didácticas do noso alumnado en relación ao marco sanitario no que se desenvolve actualmente a sociedade.

A situación xerada pola evolución do brote da COVID-19 fai necesario adoptar medidas de contención extraordinarias que inevitablemente están a ter un importante impacto no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado do Ceip ADR Castelao. Para afrontar este incerto escenario, o Equipo Directivo do Centro Educativo xunto ao seu Equipo Docente e as súas Familias están a levar a cabo unha análise permanente da situación, dentro das posibilidades que temos e salientando que o noso ámbito é o pedagóxico e o didáctico, non o sanitario nin organizativo en relación á prevención de riscos laborais; co obxecto de garantir o desenvolvemento da súa actividade e reiniciala coa maior normalidade posible para favorecer a educación integral do noso alumnado.

O escenario de futuro máis probable é que a transmisión do SARS- CoV-2 non se poida eliminar a curto prazo e que se orixinen brotes recorrentes durante os próximos meses. Isto débese á súa grande transmisibilidade. Toda a Comunidade Educativa, consciente do risco, ten a responsabilidade de contribuír ao cumprimento estrito das medidas de protección implantadas, encamiñadas a controlar e a reducir a transmisión da COVID-19.

Como medidas preventivas para evitar posibles aparicións de COVID-19 e para garantir a continuidade da actividade, a institución poderá adoptar simultaneamente, se as condicións do traballo así o requiren, medidas de tipo organizativo, hixiénicas e técnicas entre o persoal. Será algo dinámico adaptado en todo momento ás directrices marcadas pola Consellería de Educación e o Ministerio de Sanidade.

O presente protocolo ten por obxecto crear contornas escolares saudables e seguras mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse dende o inicio do desenvolvemento do curso escolar 2021/2022, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por Covid-19. Inclúe as medidas de detección precoz dos casos e a súa xestión axeitada, así mesmo, en cumprimento do previsto na Orde Comunicada da ministra de sanidade, de 4 de xuño de 2021, mediante a que se aproba, en coordinación coa conferencia sectorial de educación, a declaración de actuacións coordinadas en saúde Pública fronte á Covid-19 para centros educativos durante o curso 2021-2022.

O conxunto de medidas incluídas no presente protocolo foron examinadas polas autoridades sanitarias autonómicas, porén son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

Este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello e Consellería) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que O Equipo Directivo deste centro e o seu Equipo Docente non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.

Deste xeito, corresponde a empresa de limpeza actual do centro, GRUPO CERCEDASOL , xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire.

1.- MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

Segundo o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022 (VERSION 20-05-2021) publicado pola Consellería de Educación, como se recolle no apartado 2.1 dos Principios Sanitarios Básicos, a persoa titular da dirección do Ceip ADR Castelao nomea o seguinte Equipo Covid que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións que se asignan a continuación.

1.1. Membros do equipo COVID			
Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil)			881 880 881
Membro 1	M ^a Isabel Graña Pérez	Cargo	Directora
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none">• Nomear os membros do equipo covid.• Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia.• Coordinación do equipo covid.• Xestionar a adquisición de material de protección necesario.• Comunicación de casos		
Membro 2	Ignacio López Presedo	Cargo	Mestre Ed. Física
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none">• Elevar as propostas do equipo de educación infantil/primaria• Coordinar as entradas e saídas do alumnado de infantil/primaria• Difundir a información ao ciclo de infantil e ás familias		
Membro 3	Begoña Rey Álvarez	Cargo	Secretaria
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none">• Elevar as propostas do equipo docente de infantil/primaria.• Coordinar as entradas e saídas do alumnado de infantil/ primaria.• Garantir a difusión da información ao profesorado de primaria e ás familias.		

1.2.	Centro de saúde de referencia		
Centro	CENTRO DE SAÚDE DE ORDES	Teléfono	981 681 600
Contacto	Por determinar		

1.3	Espazo de illamento (determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe)
<ul style="list-style-type: none">- Aula planta 1^a, ubicada na planta 1^a do edificio principal.-Estará dotado de botiquín e de material de protección individual, como luvas e máscara. Dispón tamén de panos desbotables, dispensador de xel, virucida e papeleira con tapa e pedal.	

1.4	Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa	
Educación infantil (4º – grupo A)		19
Educación infantil (4º – grupo B)		19
Educación infantil (5º – grupo A)		25
Educación infantil (5º – grupo B)		24
Educación infantil (5º – grupo C)		11
Educación infantil (6º – grupo A)		25
Educación infantil (6º - grupo B)		25
Educación primaria (1º – grupo A)		25
Educación primaria (1º – grupo B)		24
Educación primaria (2º – grupo A)		20
Educación primaria (2º – grupo B)		19
Educación primaria (2º - grupo C)		19
Educación primaria (3º – grupo A)		18
Educación primaria (3º – grupo B)		18
Educación primaria (3º – grupo C)		18
Educación primaria (4º – grupo A)		22
Educación primaria (4º – grupo B)		20
Educación primaria (4º . grupo C)		20
Educación primaria (5º – grupo A)		25
Educación primaria (5º – grupo B)		25
Educación primaria (5º - grupor C)		24
Educación primaria (6º – grupo A)		21
Educación primaria (6º – grupo B)		20
Educación primaria (6º - grupo C)		21

1.5	Cadro de persoal do centro educativo	
Educación infantil		09
Educación primaria		17
Mestras/es especialistas		13
Orientación		01
Persoal non docente		05
Total		45

1.6. Determinación dos grupos estables de convivencia

**Segundo a actualización do 20/5/2022 xa non é necesario manter os grupos estables de convivencia
INFANTIL**

O profesorado asignado a cada grupo estable de convivencia pode ser susceptible de modificacións en función das necesidades do centro coma no caso de posibles substitucións de persoal docente. Se hai un abrocho e se precisa o control de interaccións poderase recorrer ao cadro de substitucións.

AULA	Nº DE ALUMNADO ASIGNADO	Nº DE PROFESORADO ASIGNADO
4º CURSO: Pavillón de tres anos		
3 anos A: aula 2	19	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
3 anos B: aula 3	19	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
4 anos C: aula 1	11	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
5º CURSO: Pavillón de catro e cinco anos.		
4 anos A: aula 4	25	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
4 anos B: aula 3	24	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
6º CURSO: Pavillón de catro e cinco anos		
5 anos A: aula 2	25	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
5 anos B: aula 1	25	Titor/a (Todo o profesorado do centro)

PRIMARIA

O profesorado asignado a cada grupo estable de convivencia pode ser susceptible de modificacións en función das necesidades do centro coma no caso de posibles substitucións de persoal docente. Se hai un abrocho e se precisa o control de interaccións poderase recorrer ao cadro de substitucións.

AULA	Nº DE ALUMNADO ASIGNADO	Nº DE PROFESORADO ASIGNADO
PRIMEIROS: Edificio de primaria. Planta Baixa		
1º A: nº 3	25	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
1º B: nº 5	24	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
		Titor/a (Todo o profesorado do centro)
SEGUNDOS: Edificio de primaria. Planta baixa		
2º A: nº 2	20	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
2º B: nº 6	19	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
2º C: nº 4	19	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
TERCEIROS: Edificio de primaria. 1º andar		
3º A: nº 17	18	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
3º B: nº 16	18	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
3º C: nº 18	18	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
CUARTOS: Edificio de primaria. 1º andar		
4º A: nº 13	22	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
4º B: nº 15	20	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
4º C: nº 14	20	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
QUINTOS: Edificio de primaria. 1º andar		
5º A: nº 9	25	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
5º B: nº 10	25	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
5º C: 7	24	Titor/a (Todo o profesorado do centro)

SESTOS: Edificio de primaria. 1º andar		
6º A: nº 12	21	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
6º B: nº 8	20	Titor/a (Todo o profesorado do centro)
6º C: nº 11	21	Titor/a (Todo o profesorado do centro)

1.7. Medidas específicas para grupos estables de convivencia.

Segundo a actualización do 20/5/2022 xa non é necesario manter os grupos estables de convivencia e a máscara pasa a ser de carácter voluntario, tanto no interior como no exterior.

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, **en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia**. Debe garantirse a estanquidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade (Educación Primaria) con independencia do mantemento da distancia interpersonal exceptuando o momento de xogo do recreo (no exterior) donde será voluntario.

Será obriga do alumnado (de Educación Primaria) levar cando menos unha **segunda máscara de recambio**, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario (hora da merenda, beber).

Estará prohibido, para alumnado da etapa de Infantil e 1º e 2º curso de Primaria traer xel hidroalcohólico da casa. O xel hidroalcohólico que utilice este alumnado será dispensado polo profesorado, dando prioridade ó lavado de mans.

A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a.

O uso da máscara será voluntario, por parte das familias e do alumnado, en Educación Infantil. Traballarase dende as titorías de Infantil no uso da máscara como algo lúdico, sen obrigar ao alumnado en ningún momento a usalas pero fomentando o seu uso dentro da súa tolerancia. **(punto 3.3 do Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 da Consellería de Educación, Versión do 01/10/2021, páx:15) “Sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio)**

O alumnado de Infantil que use a máscara deberá traer unha de reposto para cambiala a media mañá así como un estoxo co seu nome para gardala cando non se utilice (hora da merenda, beber).

Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:

- 1.- Formar grupos de traballo cooperativo estables, de tal xeito que se reduzan as interaccións físicas entre grupos. Deste xeito, garantimos que dentro da aula o contacto directo unicamente se produza entre grupos reducidos.
- 2.- Cada alumno terá o seu propio kit básico de material de traballo en Educación Primaria (estoxo con obxectos de emprego máis común).
- 5.- Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.
- 6.- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF, Valores Cívicos e Sociais, Informática ou PT/AL ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada/saída asignada.
- 7.- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula.
- 8.- Existirán zonas ben diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material, cando este sexa gardado de xeito grupal, o alumno/a encargado/a de repartir o material procederá á preceptiva desinfección de mans antes de levalo a cabo.
- 9.- Se é preciso que un alumno empregue a pizarra, realizarase unha desinfección previa con xel hidroalcolico do rotulador que empregue.

Algunhas das restricións limitan a liberdade coa que habitualmente se movía o alumnado, pero a situación require dun pequeno esforzo.

Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans.

1.8. Canle de comunicación

PROFESORADO:

- Vía telefónica (centro ou calquera membro do equipo covid)
- Correo electrónico: ceip.castelao.ordes@edu.xunta.gal

ALUMNADO E FAMILIAS:

- Vía telefónica chamando ao colexio (881 880 881)
- Correo electrónico: ceip.castelao.ordes@edu.xunta.gal

PERSOAL NON DOCENTE:

- Vía telefónica (centro ou calquera membro do equipo covid)
- Correo electrónico: ceip.castelao.ordes@edu.xunta.gal

1.9. Rexistro de ausencias

Existirán dous modelos paralelos para o rexistro de asistencia do persoal e do alumnado.

Ao rexistro convencional empregado habitualmente (follas de rexistro e Xade), engadiremos un específico para aquelas ausencias provocadas por sintomatoloxía compatible coa covid-19.

As ausencias por sintomatoloxía compatible tamén serán rexistradas no convencional, pero ao figurar no específico por covid-19 quedará eximida a xustificación a efectos de apertura do protocolo de absentismo escolar e, ao mesmo tempo, permitirá activar as medidas necesarias en caso de confirmación do caso.

As follas de rexistro de ausencias por sintomatoloxía compatible serán entregadas cada fin de mes en Xefatura de Estudos.

Ver anexo IV

1.10	Comunicación de incidencias
-------------	------------------------------------

Ante calquera sospeita o procedemento será o seguinte:

- Aviso ao equipo COVID
- A partir de aquí, estableceranse os seguintes pasos:
 - Chamada telefónica á familia do afectado/a.
 - Comunicación coa CSC
 - Subida de datos á aplicación EDUCOVID

2.-	MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL
------------	--

2.1.	Situación de pupitres
-------------	------------------------------

EDUCACIÓN INFANTIL

Segundo a actualización do 20/5/2022 xa non é necesario manter os grupos estables de convivencia e a máscara pasa a ser de carácter voluntario, tanto no interior como no exterior.

Na etapa de Educación Infantil conformaranse grupos estables de convivencia, na aula poderase traballar mediante grupos colaborativos (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos.

Os grupos traballarán cun distanciamento físico, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros respecto dos restantes grupos. **Sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.**

Os grupos colaborativos creados para a ubicación na aula serán os mesmos para o xogo en

recunchos. O material dos recunchos reducirase ao imprescindible e eliminaranse aqueles obxectos susceptibles de levar á boca.

Antes de ir aos recunchos realizarase unha limpeza de mans e unha vez finalizados repetirase esta acción. É importante o traballo de concienciación para que non leven obxectos e mans á boca. Deberán desinfectarse as pezas empregando un produto viricida e realizar unha ventilación correcta da aula.

A merenda realizarase de xeito individual en grupos colaborativos e en espazos diferenciados para cada grupo.

As mestras especialistas en EI non terán unha posición fixa e estable. Están a demanda do alumnado, atendendo as súas necesidades, así como o profesorado especialista e o profesorado que vaia apoiar nesta etapa educativa.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Segundo a actualización do 20/5/2022 xa non é necesario manter os grupos estables de convivencia e a máscara pasa a ser de carácter voluntario, tanto no interior como no exterior.

O/A mestre/a titor/a e especialistas non teñen unha posición fixa e estable, están a demanda do alumnado, atendendo as súas necesidades.

Manterase unha distancia interpersonal, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.

Na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estancidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

A metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras. Por este motivo o alumnado en ocasións traballará por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras propias do noso PE como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.

2.2 Identificación de espazos ou salas para asignar grupos

Será necesario o acceso ordenado ás aulas por parte do alumnado para evitar as aglomeracións, mantendo a distancia recomendada na fila do acceso tal e como se especifica no apartado de entradas e saídas coa axuda da cartelería.

Os espazos asignados a cada un dos grupos de alumnos e alumnas corresponden á aula da

titoría. Será o profesorado o que rote polas aulas. Para salvagardar as medidas sanitarias necesarias, o profesorado (que realizará a autoenquisa diariamente antes de incorporarse ao ámbito docente).

A) Se por motivos de saúde ou polas necesidades do seu alumnado (ACNEAE) non é posible, empregará pantalla (equipo de protección individual facilitado polo centro). Ao tusir ou ao esberrar, cubrirá a boca e o nariz co cóbado flexionado. Evitará tocar os ollos, o nariz e a boca.

B) Lavará as mans antes e despois de cada entrada na aula e todas as veces que considere necesario dentro dela empregará o hidroalcohol.

C) Tentará manter a distancia de seguridade, sempre que sexa posible. Primará sempre a atención ao seu alumnado pola estabilidade emocional dos pequenos e pequenas.

Salientamos que son etapas educativas na que o contacto físico é necesario para asegurar a estabilidade emocional do alumnado.

O único desdobre que se contempla nesta situación será no caso do alumnado de valores/relixión.

Nesta áreas quedará na aula da titoría o grupo da área que sexa maior. O resto do alumnado empregará as diferentes titorías.

Será responsabilidade individual das mestras e mestres que entran nas aulas a limpeza e desinfección dos equipos de traballo e mobiliario conxunto con xel hidroalcohólico na entrada e na saída destas.

2.3. Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais.
--

Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aulas, adoptamos as seguintes medidas:

- As aulas de PT e AL contarán con mamparas de protección que serán empregadas cando sexa necesario.

- Aconséllase ao profesorado destas dúas especialidades que empreguen viseiras protectoras, xa que, en moitas ocasións, o seu labor é incompatible co emprego da máscara.

Entre cada sesión con presenza de alumnado nestas aulas realizarase unha ventilación de cinco minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.

Como modelo de cuestionario empregaremos o que figura no protocolo, que irá anexo ao plan.

Ver anexo I

2.4 Titorías coas familias

As titorías levaranse a cabo baixo dúas modalidades:

a) *Telemática (opción preferente)* a través da plataforma que oferte a consellería, chamada telefónica e/ou correo electrónico.

b) *Presencial*: para aqueles casos nas que a videoconferencia non sexa posible. Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo na aula da titoría correspondente, previa cita e garantido a distancia social. Todos os asistentes á titoría levarán máscara e farán a pertinente desinfección de mans. Cando nalgunha destas reunións sexa necesario o visionado dalgunha proba escrita, avisarase con anterioridade para poder facer copias da mesma e evitar a manipulación conxunta.

En ambos casos, será obrigatoria a cita previa, empregando calquera das canles habituais (abalarmóbil, axenda do alumnado, teléfono)

2.5 Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro

A web do colexio pasará a ser o portal onde se colgue toda a información de relevancia a nivel xeral.

Como sistema de mensaxería empregaremos abalarmóbil, é moi importante que todas as familias descarguen a aplicación para reducir as comucacións alleas a esta canle.

Para as familias que non poidan ter a aplicación, empregarase unha vía alternativa, que será o correo electrónico ou, en último lugar, a chamada telefónica.

A información cos provedores xa se realiza haitualmente por mail ou teléfono, polo que seguiremos a empregar estas vías.

2.6 Uso da máscara no centro

Entendemos que, independentemente das recomendacións e obrigación do uso da máscara a nivel xeral, **un centro educativo debe promulgar hábitos** que contribúan á concienciación sobre os beneficios do emprego da máscara.

Educación Primaria

O uso da máscara será voluntario, tanto no interior como no exterior.

Será **obriga do alumnado que use máscara levar cando menos unha segunda máscara de recambio**, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo na hora da merenda de media mañá, ao beber e no comedor escolar (de ser o caso).

Uso da máscara no recreo

O uso da máscara será voluntario

Educación Infantil

O uso da máscara será voluntario, por parte das familias e do alumnado, en Educación Infantil. Traballarase dende as titorías de Infantil no uso da máscara como algo lúdico, sen obrigar ao alumnado en ningún momento a usalas pero fomentando o seu uso dentro da súa tolerancia. **(punto 3.3 do Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 da Consellería de Educación, Versión do 01/10/2021, páx:15) “Sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio)**

O alumnado de Infantil que use a máscara deberá traer unha de reposto para cambiala a media mañá así como un estoxo co seu nome para gardala cando non se utilice (hora da merenda, beber).

Persoal docente e non docente

O uso da máscara será voluntario tanto en interiores como en exteriores.

2.7 Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa

O plan difundirase a través da **web do centro**.

Trasladarase á ANPA para que o difunda a través das súas canles habituais.

Deixamos a porta aberta a modificacións na primeira versión, xa que as achegas que recibamos por parte da comunidade educativa poder dar lugar a melloras no documento.

E tamén deixamos a porta aberta a outras canles de mensaxería: whatsapp, correo electrónico...

3.- MEDIDAS DE LIMPEZA

3.1 Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente

Este apartado depende da empresa asignada polo Concello (Grupo Cerceda Sol). Estamos á espera das súas achegas.

3.2 Distribución horaria do persoal de limpeza

Este apartado depende da empresa asignada polo Concello (Grupo Cerceda Sol). Estamos á espera das súas achegas.

3.3 Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza

Todo o persoal de limpeza empregará os elementos de protección aconsellados para levar a cabo este labor, como son as **luvas**. Aconséllase o emprego de elementos de protección ocular, ben sexan lentes ou pantalla.

Cada un/ha terá o seu **propio carro cos utensilios básicos**.

3.4 Cadro de control de limpeza dos aseos

En cada baño existirá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levarlos a cabo.

Ver modelo de checklist de limpeza de aseos. Anexo V.

3.5 Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas

En todas as aulas do centro haberá unha folla onde se apunten as ventilacións das aulas.

Este labor será responsabilidade do profesorado de cada curso, que antes de cada cambio de clase deberá facer a ventilación e apuntala no modelo de checklist.

Ver modelo de checklist de ventilación. Anexo VI.

3.6 Determinación dos espazos para a xestión de residuos

En todos os espazos do centro haberá unha papeleira específica e diferenciada (con tapa e pedal), para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras).

A xestión dos residuos das papeleiras específicas será tratado dun xeito distinto, empregando unha bolsa de diferente color, evitando a súa mestura co lixo xeral para evitar riscos ao persoal de limpeza.

4.- MATERIAL DE PROTECCIÓN

4.1 Rexistro e inventario do material do que dispón o centro

A persoa que exerza a secretaría do centro será a responsable de inventariar todo o material de protección que dispón o centro.

4.2 Determinación do sistema de compras do material de protección

O centro garantirá a existencia de máscaras suficiente para as posibles continxencias que poidan xurdir. Haberá unha dotación delas na Xefatura de Estudos.

O aprovisionamento de máscaras para o profesorado e resto de persoal non docente será individual, se ben poderá facerse uso das existentes no centro en caso necesario.

Outro material de protección, pero cun emprego máis específico e limitado, serán as luvas de látex ou vitriilo, que estarán na Xefatura de Estudos.

En canto ao xel hidroalcolico, dende o centro invitarase a tres provedores a presentar ofertas para servir este produto en 24h dende a súa demanda e cun prezo fixo para todo o curso.

A empresa que presente a mellor oferta será a distribuidora do centro.

4.3 Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

As novas compras serán almacenadas e/ou entregadas no seu espazo correspondente polo Equipo Covid.

5.- XESTIÓN DOS GROMOS

NA ACTUALIZACIÓN DO PROTOCOLO DO 20/5/2022 ANÚLASE ESTE PUNTO.

O ALUMNADO OU PROFESORADO QUE DEA POSITIVO EN COVID-19 PERO QUE NON PRESENTE SÍNTOMAS PODERÁ ACUDIR AO CENTRO TOMANDO AS MÁXIMAS PRECAUCIÓNS (USO DA MÁSCARA, LAVADO

**DE MANS, TUSIR E/OU ESBIRRAR COA MÁSCARA POSTA E DISTANCIA SOCIAL)
ABSTERASE DE ACUDIR O CENTRO TANTO ALUMNADO COMO DOCENTES QUE PRESENTEN SÍNTOMAS DA COVID-19**

No contexto deste protocolo, considerarase como nun centro educativo a calquera agrupación de 5 ou mais casos con infección activa (na mesma aula) nos que se establecese un vínculo epidemiolóxico, sendo sinónimo de abrocho ou brote. Tendo en conta a importante variabilidade entre as diferentes situacións, sempre que se detecten 5 casos ou mais nunha aula nun período corto de tempo (7 días) deberá realizarse unha valoración da situación por parte das autoridades sanitarias. Será o persoal da CSC quen faga esta notificación e decida co persoal da XT de Sanidade ou do SAEG se é necesario levar a cabo algunha actuación extraordinaria.

5.1 Medidas

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19 ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo en base ao Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia. En virtude das mesmas:

Levarase a un espazo separado de uso individual, colocárselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por unha máscara cirúrxica, e pedirá cita médica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo deberá porse en contacto coa CSC e rexistrar os contactos estreitos a través da aplicación “EduCovid”.

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC, previa chamada telefónica, para a valoración polo médico de atención primaria. Antes de acudir ao PAC, daránlle as indicacións oportunas para o desprazamento e acceso á instalación.

Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función

do número de contactos identificados en cada abrocho.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto no Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo (nas últimas 48 horas) co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros (<2m) do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinado polo responsable COVID coa axuda da CSC ou XT de sanidade segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- Tanto as persoas que teñan diagnóstico confirmado como aquelas determinadas como contacto estreito seguirán as indicacións da Central de Seguimento de Contactos para o seu caso concreto de acordo co Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-1 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia (<http://coronavirus.sergas.gal>).
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola resolución que dite para a regulación do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, que desenvolverá as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

Finalizado o período de illamento/ corentena das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

5.2	Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa.
------------	--

A responsable de realizar as comunicacións será a persoa que exerza a dirección do centro, e na súa ausencia, a que ocupe a xefatura de estudos.

6.- XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

6.1 Procedemento de solicitudes

Atendendo ao apartado 9 do *protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021-2022* a persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar. Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo do colexio : ceip.castelao.ordes@edu.xunta.gal

7.- MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

7.1. Entradas e saídas

ESTE PUNTO SEGUIRÁ VIXENTE NO NOSO CENTRO

ENTRADAS

Non se permitirá o acceso de acompañantes para evitar aglomeracións de persoas, agás no período de adaptación dos alumnos/as de 4º de Educación Infantil (3 anos). Apelamos á responsabilidade personal de non facer agrupamentos nos accesos do Centro.

O Centro publicará na páxina webb o horario para acceder ao mesmo para trámites administrativos.

ALUMNADO TRANSPORTADO:

O alumnado usuario de transporte escolar, fará a súa entrada no centro pola cancela dos autobuses (porta nº 12) ás 8.50 horas e dirixiranse directamente aos seus respectivos patios para facer as filas.

ALUMNADO QUE VEN DA CASA:

EDUCACIÓN INFANTIL:

Entrarán pola cancela pequena de infantil (porta nº 14) para dirixirse ao seu patio e facer as filas correspondentes. O alumnado de tres anos acudirá ó centro no horario que se lle indique durante o

período de adaptación que non durará máis alá do 21 de setembro.

EDUCACIÓN PRIMARIA.

Primeiros e segundos:

Entrarán pola cancela dos autobuses (porta 12) para dirixirse ao seu patio e facer ás filas correspondentes.

Terceiros, cuartos, quintos e sextos:

Entrarán pola cancela de Susa (porta nº 13) para ir ao seu patio e formar as filas correspondentes.

Ver anexo VII.

SAÍDAS

ALUMNADO TRANSPORTADO:

O alumnado usuario lexítimo de transporte escolar, dirixirase á zona do portalón dos autobuses á saída do comedor escolar, seguindo as instrucións das coidadoras do comedor e do equipo directivo ás 15.00 horas.

ALUMNADO DA CASA.

Todo o alumnado será acompañado polo profesor/a que esté impartindo docencia na última sesión.

EDUCACIÓN INFANTIL:

4º DE EI (3 anos): Saída polo portalón dos autobuses (porta nº 12) ás 13.45 horas.

5º DE EI (4 anos): Saída pola cancela pequena do patio de infantil (nº 14) ás 13.45 horas.

6º DE EI (5 anos): Saída pola cancela pequena do patio de infantil (nº 14) ás 13.50 horas.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

PRIMEIROS: Saída polo portalón dos autobuses (porta nº 12) ás 13.50 horas.

SEGUNDOS: Saída polo portalón dos autobuses (porta nº 12) ás 13.55 horas.

TERCEIROS: Saída pola porta de Susa (porta nº 13) ás 13.45 horas

CUARTOS: Saída pola porta de Susa (porta nº 13) ás 13.50 horas

QUINTOS: Saída pola porta de Susa (porta nº 13) ás 13.55 horas

SEXTOS: Saída pola porta de Susa (porta nº 13) ás 14.00 horas.

Ver anexos VIII e IX

7.2. Cartelería e sinalética

Será preceptivo colocar cartelería informativa nos accesos ao centro, nas aulas e nos espazos comúns.

Reservaranse os espazos máis visibles para que primen por riba de calquera outra cartelería.

A información será a xeral relacionada coa covid e coas medidas de seguridade básicas.

Os corredores estarán marcados con frechas indicativas das rutas a seguir, sempre pola dereita do mesmo.

Nos baños colocaranse bandas horizontais para marcar o punto de espera.

7.3. Asignación do profesorado encargado da vixilancia

- Entradas:

14 profesores de garda.

- Recreo:

Dúas quendas de recreo. Cada grupo estará co seu titor/a.

Saídas:

- Coordinadas polas persoas do equipo COVID e cada grupo de alumnos irá acompañado do profesor/a que imparta docencia na última sesión.

Ver anexo X

8.- MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

8.1 Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada

Pendente de concretar se se vai a ofertar este servizo por parte da ANPA.

8.2 Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva está a cargo do Concello e da ANPA. Estamos á espera das súas achegas para recoller os aspectos que regulen o desenvolvemento das mesmas.

8.3 Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar

As reunións do **Consello Escolar** terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:

- *Reunións telemáticas* a través de videoconferencia ou correo electrónico.
- *Presenciais*, sempre e cando a evolución da covid o permita. Neste caso, e dado que o consello escolar está formado por 14 persoas, as reunións levaríanse a cabo nun espazo que garanta a distancia de seguridade e con ventilación suficiente.

Para as xuntanzas da ANPA, facemos dúas distincións:

- Reunións da directiva: ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial se a situación epidemiolóxica o permite, empregando un espazo do colexio o suficientemente amplo que garanta a distancia social. Farase unha solicitude previa para asignar espazo e facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes.

• Reunións xerais da ANPA: estas reunións realizaranse, preferentemente, de xeito telemático.

8.4 Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias

As titorías levaranse a cabo os martes de 16.30 h a 17.30h, e con cita previa empregando as canles habituais: abalarmóbil, axenda do alumnado, chamada telefónica, correo electrónico.

Serán preferentemente telemáticas e, no caso de ser presenciais, terán lugar na aula da titoría do alumno e coas seguintes medidas:

- Emprego voluntario de máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
- No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita, solicitarse previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.

8.5 Normas para a realización de eventos

Este punto queda anulado tras a actualización do protocolo do 20/5/2022 aínda que se recomenda facer saídas e actividades ao aire libre.

Debido á organización en grupos de convivencia estable, este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente.

Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente, e lles corresponde aos diferentes equipos docentes a organización deles baixo estas premisas:

- Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, polo que é factible facer celebracións en quendas.
- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivos antes e despois da celebración do evento.

En canto a actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas repecten o aforo e se repecten as normas de hixiene e ventilación entre actos.

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece a nosa vila

9.- MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara.

Serán os/as acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado e velarán para que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

Con carácter xeral cando se establezan limitacións de capacidade dos vehículos quedan suspendidas as autorización de carácter excepcional cando non sexa posible transportar a todo o alumnado con dereito lexítimo ao transporte (máis de 2 km).

No caso de que a capacidade dos vehículos non resulte suficiente para o traslado de todo o alumnado, o criterio de prioridade é o de maior distancia de residencia ao centro educativo, tendo en conta que a administración adoptará as medidas para que o transporte se realice en condicións de seguridade.

10.- MEDIDAS DE USO DE COMEDOR

10.1 Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado

O alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, especificamente manteranse os Grupos Colaborativos e Grupos de Convivencia Estable (GCE) conformados durante o horario lectivo. O alumnado ocupará sempre o mesmo sitio. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.

O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen requisitos de distancia. Os grupos separaranse entre si de forma xenérica por 1,5 metros.

Será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.

Empregaremos a aula de música como anexo ao comedor para alumnado de infantil.

Non é posible realizar dúas quendas polo horario do transporte escolar.

Ver a distribución do comedor no anexo II

10.2 Persoal colaborador

Temos dez colaboradoras que axudarán nas tarefas do comedor escolar.

10.3 Persoal de cociña

O persoal de cocina está integrado por catro persoas: unha cociñeira e tres auxiliares. Realizan tamén os labores de limpeza do comedor escolar.

11. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

11.1 Aulas especiais, ximnasio, pavillón, aula de informática....

As únicas áreas nas que o alumnado poderá abandonar a súa aula será **educación física**, valores cívicos e sociais, informática e PT/AL.

Isto implica que estas aulas **deben ofrecer as mesmas garantías** de seguridade que as aulas convencionais. Deste xeito, terán a mesma dotación que as aulas convencionais (dispensadores de xel, papeleiras de pedal e panos desbotables) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión.

Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha **ventilación de 5/10 minutos** e labores de limpeza básica. Para garantir que este tempo se cumpre, os mestres irán a buscar ao alumnado á súa propia aula e realizarán alí unha primeira explicación do que se vai levar a cabo na sesión.

11.2 Educación física

Tendo como referencia o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, polo que se establecen as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e as sucesivas modificacións introducidas como consecuencia da adecuación das mesmas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, recóllense unha serie de medidas para promover o uso xeneralizado da máscara, pois, ao demostrarse que é unha das medidas máis eficaces para previr a transmisión da enfermidade, resulta necesario reforzar a súa utilización, ampliando os supostos nos que o seu uso é obrigatorio.

As normas de funcionamento específicas da área de Educación Física do CEIP A.D.R. Castelao

fixadas no presente protocolo para o curso 2021/2022 están establecidas a partir da última actualización oficial publicada, “Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”, aprobado no Comité Clínico do 20 de maio de 2022.

Medidas específicas para os axentes que participen nas sesións de Educación Física :

- As sesións da área desenvolveranse en diferentes espazos e/ou instalacións do centro educativo, como serán: o patio exterior, o pavillón polideportivo, o ximnasio, a aula de informática e/ou a propia aula do grupo-clase.
- Deberá manterse sempre a máxima distancia de seguridade interpersonal entre o propio alumnado e entre o alumnado e o profesorado.
- Preferentemente realizaranse tarefas de forma individual e/ou en pequenos grupos, evitando o contacto.
- Estableceranse períodos de descanso entre a realización das diferentes tarefas durante as sesións.
- Cando se utilicen materiais nas sesións da área serán desinfectados antes e despois e do seu uso e/ou procederase á realización de hixiene de mans.
- Evitarase en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Asegurarase manter unha boa hixiene respiratoria, cubríndose a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir ou esberrar, desbotando de inmediato o pano usado e procedendo ao lavado de mans.
- Utilizaranse panos desbotables e tiraranse á papeleira tras cada uso.
- Procederase ao lavado e desinfectado de mans con agua, xabón e xel hidroalcohólico por parte de todo o alumnado ao final da sesión e tamén en todas aquelas situacións nas que as accións realizadas así o aconsellen (ao ir baño, ao levar as mans á cara, ao tocar superficies ou obxectos,...).
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo e posterior de mans.
- Realizar un autotest durante o desenvolvemento da sesión de cara a valorar posibles síntomas da COVID-19: sensación de temperatura corporal elevada, malestar, tos, falta de alento,...
- Realizaranse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas (pavillón, ximnasio, aula de informática e propia aula) por un período de polo menos 30 minutos ao inicio e final de cada xornada, así como de forma frecuente e obrigatoria ao finalizar cada sesión con cada grupo-aula.

As normas aquí establecidas serán modificadas e adaptadas conforme a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e as actualizacións oficiais publicadas polas diferentes autoridades competentes.

11.3 Cambio de aula

Ao longo deste curso soamente se contemplan catro situacións nas que son necesarios cambios de aula:

- Para ir ao ximnasio / pavillón.
- Para ir á aula de valores cívicos e sociais (soamente o alumnado matriculado nesa área)

- Asistencia a sesións de PT/AL/desdobres.
- Para ir á aula de informática.

Cando un grupo de alumnado deba cambiar de aula, farao en fila de un e respectando a distancia de 1m, seguindo a ruta deseñada para cada grupo e indo pola parte dereita do corredor.

11.4 Biblioteca

No espazo da biblioteca o obxectivo primeiro é que a biblioteca sexa unha contorna segura e saudable mediante o establecemento de medidas preventivas, colectivas e individuais co obxectivo de previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19 ós alumnos que fagan uso da mesma.

Manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, para que haxa unha maior ventilación.

O alumnado debe hixienizar as mans con xel hidro alcohólico antes e despois da estancia na sala. Na entrada da sala haberá unha mesa co xel hidro alcohólico e panos desbotables. Haberá unha papeleira de pedal para o efecto. É obrigatorio o uso da máscara de protección.

A biblioteca poderá ser usada de acordo co aforo xeral previsto para as bibliotecas públicas (75%).

A persoa responsable da biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca. O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.

O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual.

O equipo de biblioteca determinará os momentos que pode ser empregados para uso da biblioteca.

11.5 Aseos

O labor de limpeza dos aseos (polo menos 2 veces ao día) corresponde á empresa de limpeza asignada polo Concello e no apartado correspondente deste protocolo a empresa determinará o relativo a este ámbito.

O alumnado empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula. Respectaranse as labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.

O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior ao 50% do seu aforo. O

alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

Todos os aseos terán cartelería sobre o axeitado lavado de mans.

12. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS RECREOS

As quendas de recreo sempre estarán supeditadas ás necesidades do alumnado, deste xeito se se considera necesario todo o profesorado do centro entrará en devanditas quendas.

Tendo en conta os recursos humanos dispoñibles o equipo directivo tenta que o grupo estea co profesorado de referencia para este.

Poderán compartirse obxectos coas medidas de hixiene necesarias.

O alumnado empregará a máscara de xeito voluntario (recreo exterior) durante o tempo de xogo.

12.1 Horarios e espazos

Tras a actualización do protocolo o 20/05/2022 o centro pasa a ter unha soa quenda de recreo (11:30 a 12:00) na que estará todo o alumnado mesturado.

Neste curso escolar, e debido á situación excepcional que estamos a vivir, teremos dúas quendas de recreo.

O horario establecido pode verse na seguinte táboa:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 – 09:50					
09:50 – 10:40					
10:40 – 11:30					
11:30 – 12:55	1ª QUENDA RECREO				
12:05 – 12:30	2ª QUENDA RECREO				
12:30 – 13:15					
13:15 – 14:00					

Os espazos estarán delimitados por estacas e cordas que separarán ós grupos de convivencia estable.

Contamos con 3 zonas no patio de infantil, 3 zonas no patio de 1ºs e 2ºs de primaria e 6 zonas no patio de 3ºs a 6ºs.

Ver anexo X

12.2 Profesorado de vixilancia

O profesorado de vixilancia nos recreos estará a cargo dos mestres/as designados.

13 MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA.

13.1 Metodoloxía e uso de baños

Asemblea

Iniciarase a xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico. Debe terse en consideración que o uso do xel hidroalcohólico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que no caso dos dispensadores non deben de ser accesibles sen supervisión. Por iso, para o alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria, o xel hidroalcohólico será dispensado polos Mestres/as en todo momento, está prohibido para este alumnado traer xel hidroalcohólico da casa.

Colocación do alumnado / agrupamentos:

Ao igual que en primaria, eses grupos serán estables e tratarase de reducir a interacción global entre grupos.

Na etapa de Educación Infantil conformaranse grupos estables de convivencia, na aula poderase traballar mediante grupos colaborativos (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros respecto dos restantes grupos.

Recunchos:

Os grupos colaborativos creados para a ubicación na aula serán os mesmos para o xogo en recunchos. O material dos recunchos reducirase ao imprescindible e eliminaranse aqueles obxectos susceptibles de levar á boca.

Antes de ir aos recunchos realizarase unha limpeza de mans e unha vez finalizados repetirase esta acción. É importante o traballo de concienciación para que non leven obxectos e mans á boca. Deberán desinfectarse as pezas empregando un produto viricida e realizar unha ventilación correcta da aula.

Uso de baños:

Atopámonos coa complexidade de que as aulas de 3,4 e 5 anos teñen aseos compartidos. Polo tanto, evitarase que coincidan simultaneamente alumnos das distintas aulas. Despois de cada uso pasarase un pano de papel con xel hidroalcolico para a súa desinfección.

A maiores, realizase a limpeza e desinfección completa tres veces por xornada lectiva como indica a norma xeral do protocolo.

O alumnado de 1ºs e 2ºs empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula. Respectaranse as labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.

O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior ao 50% do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

Uso de máscara

Uso da máscara voluntario, tanto en interior como en exterior.

Uso da máscara no recreo

Durante o tempo de recreo (exterior), o alumnado usará a máscara de forma voluntaria.

Será labor conxunta de familias e escola traballar os hábitos correctos para colocalas e quitalas de xeito correcto, así como a maneira de gardalas na funda.

Material

Antes do comezo de curso facilitarase a listaxe co material propio que debe ter o alumnado. Entre este material será moi importante que haxa unha funda para as mascarar, co nome do neno/a.

Material común

Colocarase en gavetas exclusivas para cada grupo colaborativo. Antes do emprego de material común procederase á limpeza de mans e posteriormente aplicarase o produto viricida.

Dentro do material común haberá material de uso individual, que estará gardado en bolsas co nome de cada alumno.

Aniversarios

Para evitar o maior risco posible, non se celebrarán aniversarios.

13.2	Actividades e merenda
-------------	------------------------------

Merenda

Resulta moi difícil que todo o alumnado desta etapa sexa autónomo para este labor, requirindo en moitas ocasións a axuda do profesorado, que extremará as medidas de hixiene.

Este curso será máis importante ca ningún outro respectar as merendas que se propoñan no calendario ao inicio de curso, porque dese xeito poderá preverse mellor o tipo de axuda que van requirir os nenos.

14. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DA AULA DE INFORMÁTICA

14.1 Emprego do equipamento

Existirá un horario de emprego para cada nivel educativo que permita que os equipos sexan desinfectados despois do seu emprego entre grupos.

Corresponde ao mestre lembrar aos usuarios que fagan ese labor con xel e panos desbotables

15. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE.

15.1 Medidas

O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade.

No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbarrar ou tусir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.*

**Pendente de elaboración.*

16. PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO.

16.1 Medidas

Reunións:

Para aquelas que impliquen a participación de **todo o profesorado (claustros e reunións informativas)** empregarase o **comedor**, xa que ten as dimensións axeitadas para manter unha distancia social de como mínimo 1,5 metros.

Para as reunións de **Equipos de traballo e avaliacións** empregarase a biblioteca do centro ou alguna aula, sempre que o número de integrantes permita manter a distancia de como mínimo 1,5 metros. De non ser así, poderanse realizar por medios telemáticos.

Para as reunións de **equipos de nivel ou ciclo** empregaranse unha das **aulas** desde nivel ou ciclo, coas medidas de seguridade reflectidas neste plan.

Sala de mestres:

Prestarase especial atención á ventilación da sala.

Manterase unha distancia interpersonal de 1,5 metros.

Na sala haberá dispensador de xel e panos desbotables, así como unha papeleira de pedal.

Será responsabilidade individual dos usuarios dos ordenadores a limpeza e desinfección dos equipos de traballo con xel hidroalcolico.

16.2 Órganos colexiados

Reunións dos órganos colexiados:

Claustro: levaranse a cabo no comedor escolar nas condicións expostas no punto anterior. No caso de que a situación o impida, empregarase a comunicación telemática usando a plataforma ofertada pola Consellería.

Consello escolar: tamén se levarán a cabo no comedor escolar ou na biblioteca do centro. En caso de que a situación o impida, empregarase a videoconferencia a través da plataforma ofertada pola consellería ou o correo electrónico.

17. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO.

17.1 Formación en educación en saúde

Ao longo de todo o curso e de xeito transversal terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte á covid-19.

Con respecto a este punto, cumpriranse coas premisas descritas no protocolo das Consellerías de Educación e Sanidade.

17.2 Difusión das medidas de prevención e protección

Empregaranse todas as canles de comunicación habituais (abalarmobil, páxina web do centro...) para a difusión de toda a información de relevancia con respecto a este tema, en especial ás enviadas polas Consellerías de Educación e Sanidade.

Do mesmo xeito, facilitarase o acceso a documentación e charlas formativas de interese.

17.3 Aulas virtuais e ensino a distancia

Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais como quedou demostrado ao longo do curso 2020/2021.

En calquera caso, o coordinador do equipo TICs será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica), que, a día de hoxe, xa está preparada para o comezo de curso cos cursos do 2021/2022 creados. O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs, polo que non supón ningún cambio.

Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa posible usarase a aula de informática do centro para estas tarefas.

Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. É recomendable que os/as alumnos/as estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual.

As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en diante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo.

Nos cursos anteriores poderase optar polo uso da aula virtual ou habilitar fórmulas de comunicación como foros ou videochamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

En calquera dos casos, as programacións didácticas incluírán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia e tamén o modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

17.4	Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso”
-------------	---

O equipo directivo elaborará o Plan de Acollida que será publicado coa maior brevidade posible para que a comunidade educativa poida organizar o mes de setembro. Este documento recollerá as datas das reunións coas familias e o horarios de entrada e saída do primeiro día, que serán flexibilizados para poder ter unha mellor organización e facilitar a adquisición de hábitos recollidos neste plan.

Levará recollido tamén unha estimación do período de adaptación para o alumnado de 4º de infantil.

17.5	Difusión do plan
-------------	-------------------------

A difusión deste plan realizarase a través da web do centro. Este plan poderá sufrir modificacións conforme avance o curso atendendo así á situación cambiante da pandemia.

ANEXOS



ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "A.D.R. CASTELAO"
Rúa Paraíso s/n 15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881 880 883 secretaría 881 880 881
ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>

DECLARACIÓN RESPONSABLE PERSOAL DOCENTE

D/Dona _____ con DNI _____ e
NRP _____, na mina condición de persoal _____ do CEIP
ADR CASTELAO comprométo-me á realización da auto enquisa diaria en relación ao Protocolo de Adaptación
ao Contexto da Covid 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o presente curso requirido pola
Consellería aos centros educativos, asumindo a responsabilidade a nivel individual como parte da Comunidade
Educativa do Ceip ADR Castelao contribuíndo ao cumprimento escrito das medidas de protección implantadas
(Plan de Adaptación do Ceip ADR Castelao difundido na web do centro e na documentación facilitada polo
Equipo Directivo), encamiñadas a controlar e a reducir a transmisión da COVID-19.

Ante a aparición de sintomatoloxía compatilble (a relacionada co compromiso persoal en relación ao anexo I
“auto enquisa”), eu, D/Dona _____ non acudirei ao
Centro educativo e chamarei á persoa de referencia do equipo covid do centro. Como criterio xeral, mantereime
en illamento preventivo domiciliario, poñéndome en contacto co meu centro de saúde ou de ser o caso cos
facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización du
test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran.

Asinado en Ordes, _____ de _____ de 202

*“En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter
persoal, infórmaselle de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería
de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento.
A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral
Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante
a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de
San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envoi dun correo electrónico [asxt.cultura.educacion
xunta](mailto:asxt.cultura.educacion.xunta)”*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP " A.D.R. CASTELAO "
Rúa Paraíso s/n 15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881 880 883 secretaría 881 880 881
ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>

DECLARACIÓN RESPONSABLE FAMILIAS

D./Da _____, con DNI número _____,
_____, como pai/nai/titor legal do alumno/a _____,
_____, matriculado no curso _____, do centro educativo _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE COÑECE O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS de ensino non universitario DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022

e que, polo tanto coñece a necesidade de obriga de realizar diariamente a enquisa de autoavaliación da Covid-19 ao alumno/a e a obriga de NON enviálo/a ao centro e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso presentar cando menos un síntomas previstos. De igual xeito coñece a obriga de seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso de que o/a alumno/a conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de Covid-19.

O alumno/a non poderán acudir ao centro ata que así llelo indiquen os servizos sanitarios.

A persoa afectada ou a súa familia comunicarán estas circunstancias ao Equipo Covid do centro.

En _____, a ____ de _____ de 202

ASDO. _____

“En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico asxt.cultura.educacion.xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP " A.D.R. CASTELAO "
Rúa Paraiso s/n 15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881 880 883 secretaría 881 880 881
ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>

ANEXO III

MODELO SOLICITUDE PARA A DETERMINACIÓN DE PERSOAL ESPECIALMENTE SENSIBLE

SOLICITANTE	
Nome e apelidos:	
DNI:	Teléfono:
Correo electrónico (obligatorio):	
Enderezo a efectos de notificacións:	
Código Postal:	Localidade:

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO	
Nome do Centro:	
Enderezo:	
Código Postal:	Localidade:
Posto de traballo:	

SOLICITA a valoración da inspección médica da xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, ou no seu caso o servizo de prevención alleo a efectos da determinación da condición de persoal sensible de conformidade co previsto na resolución pola que se aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022.

Para estes efectos comprométese a achegar os informes médicos que obran no seu poder, así como aqueles que lle sexan requeridos.

Ordes, _____ de _____ de 202

Sinatura: M^a Isabel Graña Pérez

DIRECTORA DO CENTRO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP " A.D.R. CASTELAO "
Rúa Paraiso s/n 15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881 880 883 secretaría 881 880 881
ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>

MODELO DE CERTIFICACIÓN DE CONDICIÓN DE SEGURIDADE NO CENTRO EDUCATIVO

O / / dítase a Resolución das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade, pola que se determina o protocolo de inicio de curso 2021/2022, se determinan as instrucións e se adoptan medidas de prevención e hixiene nos centros de ensino non universitario dependentes da Consellería.

No protocolo establece o informe que debe elaborar a dirección no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes para o solicitante.

D/Dona _____ solicitou a súa consideración como persoal sensible.

Polo exposto, Dona M^a Isabel Graña Pérez, na súa calidade de Directora do centro de ensino público CEIP ADR CASTELAO, ORDES (A CORUÑA)

INFORMA:

Marcar con X ou tachar o que non proceda.

- Que o solicitante presta servizo neste centro educativo en condición de: docente, persoal administrativo, de limpeza ou outra categoría.
- Que no centro existe dotación de xel hidroalcohólico, e restantes elementos para a hixiene das mans consonte ao protocolo.
- Que existe dispoñibilidade de mascarar diarias para o solicitante.
- Que nas aulas existe unha separación de 1,5 metros ata o lugar ocupado polo alumnado.
- Que nos espazos comúns (sala de profesores, salas de reunións...) existe unha separación de 1,5 metros entre os postos.
- Que no posto de traballo (persoal administrativo) existe a debida separación de 1,5 metros diante das persoas que acoden ao centro.


E para que conste diante da inspección médica da Xefatura Territorial de A Coruña

Asinase o presente informe con data _____ / _____ / 202
(Sinatura e selo)



ANEXO VII

MODELO DE ENTRADAS DE ALUMNOS/AS




1. Edificio Principal
2. Edificio Ed. Infantil (Aulas 4 e 5 anos)
3. Patio cuberto Infantil
4. Edificio Ed. Infantil (Aulas 3 anos)
5. Pavillón Polideportivo
6. Vestiarios pavillón
7. Ximnasio
8. Patio cuberto
9. Casa do conserxe
10. Patio 1ºs e 2ºs
11. Patio 3ºs- 4ºs- 5ºs e 6ºs

ENTRADAS (08:50 h)

PORTALÓN AUTOBUSES	CANCELA PATIO INFANTIL	CANCELA SUSA
TODO O ALUMNADO TRANSPORTADO E ALUMNADO 1ºs e 2ºs CASA	ALUMNADO INFANTIL CASA	ALUMNADO 3ºs, 4ºs 5ºs e 6ºs CASA



ANEXO VIII SAÍDAS ALUMNOS (ALUMNADO NON TRANSPORTADO)



1. Edificio Principal
 2. Edificio Ed. Infantil (Aulas 4 e 5 anos)
 3. Patio cuberto Infantil
 4. Edificio Ed. Infantil (Aulas 3 anos)
 5. Pavillón Polideportivo
 6. Vestiarios pavillón
 7. Ximnasio
 8. Patio cuberto
 9. Casa do conserxe
 10. Patio 1ºs e 2ºs
 11. Patio 3ºs- 4ºs- 5ºs e 6ºs
- (O alumnado transportado sairá ás 15:00)

SAÍDAS ALUMNADO CASA

NIVEL	HORA	PORTA
3 anos	13:45	PORTALÓN AUTOBUSES
4 anos	13:45	CANCELA PATIO INFANTIL
5 anos	13:50	CANCELA PATIO INFANTIL
1ºs	13:50	PORTALÓN AUTOBUSES
2ºs	13:55	PORTALÓN AUTOBUSES
3ºs	13:45	CANCELA SUSAS
4ºs	13:50	CANCELA SUSAS
5ºs	13:55	CANCELA SUSAS
6ºs	14:00	CANCELA SUSAS


ANEXO IX



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
 E FORMACIÓN PROFESIONAL
 CEIP "A.D.R. CASTELAO"



Rúa Paraíso s/n
 15680 Ordes (Santa María)
 ☎ conserxería 881 880 883 secretaria 881 880 881
 ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
 http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/

PLANO DE CIRCULACIÓN: 1º ANDAR EDIFICIO PRINCIPAL







PLANO CIRCULACIÓN EDIFICIO 3 ANOS






PLANO CIRCULACIÓN EDIFICIO 4 E 5 ANOS (PLANTA BAIXA)






PLANO CIRCULACIÓN EDIFICIO 4 E 5 ANOS (PRIMEIRO ANDAR)




XEL HIDROALCOHÓLICO	▲
PAPELEIRA CON PEDAL	●
PERCORRIDO DE SAÍDA	→
PERCORRIDO DE ENTRADA	←
AULA DE ILLAMENTO	→



PLANO DE CIRCULACIÓN INSTALACIÓNS XERAIS DO CENTRO



- 1- Edificio principal
- 2- Edificio de Ed. Infantil (Aulas 4 e 5 anos)
- 3- Patio cuberto de Ed. Infantil
- 4- Edificio de Ed. Infantil (Aulas 3 anos)
- 5- Pavillón Polideportivo
- 6- Vestiarios do pavillón
- 7- Ximnasio
- 8- Patio cuberto
- 9- Casa do conserxe
- 10- Patio
- 11- Patio de area
- 12- Cancela autobuses
- 13- Cancela pequena





ANEXO X

ZONAS DE GARDA DE RECREO NO PATIO DE ATRÁS (3º, 4º, 5º E 6º DE EP).



6 ZONAS (ESTARÁN SEPARADAS POR VALLAS E DECIDIRÁ E QUEDA EN MANS DOS TITORES/AS QUE ESPAZO OCUPAN OU SE SE TURNAN).

2 QUENDAS:

1ª QUENDA: 11:30-11:55 (3º E 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA)

2ª QUENDA: 12:05-12:30 (4º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
C.E.I.P. "A.D.R. CASTELAO"

Rúa Paraíso s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881 880 883 secretaría 881 880
ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>

ZONAS DE GARDA DE RECREO NO PATIO DE 1º E 2º DE EP.



3 ZONAS (ESTARÁN SEPARADAS POR ESTACAS E CORDAS E DECIDIRÁ CADA NIVEL QUE ESPAZO OCUPAN OU SE SE TURNAN. QUEDA EN MANS DOS TITORES/AS ESTA DECISIÓN)

2 QUENDAS:

1ª QUENDA: 11:30-11:55 (1º DE EP)

2ª QUENDA: 12:05-12:30 (2º DE EP)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
C.E.I.P. "A.D.R. CASTELAO"

Rúa Paraiso s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxaría 881 880 883 secretaría 881 880
ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>

ZONAS DE GARDA DE RECRO NO PATIO DE EDUCACIÓN INFANTIL:



3 ZONAS (ESTARÁN SEPARADAS POR VALLAS E DECIDIRÁ CADA NIVEL QUE ESPAZO OCUPAN OU SE SE TURNAN. QUEDA EN MANS DOS TITORES/AS ESTA DECISIÓN)

2 QUENDAS:

1ª QUENDA: 11:30-11:55 (4º de EI)

2ª QUENDA: 12:05-12:30 (5º e 6º de EI)



DISTRIBUCIÓN COMEDOR ESCOLAR

ANEXO XI

